

CONTEXTO
HISTÓRICO



Racionalismo-Empirismo

Europa SS XVII-XVIII

CONTEXTO HISTÓRICO



Na época em que vive o filósofo empirista J.Locke continua o conflito em Gran Bretaña entre católicos e protestantes, conflito religioso que tem a sua representação política, entre a monarquia absoluta que quer manter-se no poder, e os partidários do parlamentarismo que pretendem controlar ao monarca.

John Locke : 1632-1704



CONTEXTO HISTÓRICO

Como consecuencia dese conflito no ano 1642, Cromwell inicia unha guerra civil e despois da súa vitoria, execútase ao rei Carlos I e proclámase a República (Commonwelth).



Cromwell at Dunbar, Andrew Carrick Gow

CONTEXTO HISTÓRICO



Carlos II



Xacobe II

Aínda que no ano 1660 instaurase de novo a monarquía Estuardo con Carlos II, as tensións co Parlamento continúan, especialmente no momento en que propón como sucesor ao trono a Xacobe II.

CONTEXTO HISTÓRICO



Como consecuencia da revolución gloriosa de 1688 prodúcese o derrocamento de Xacobe II e proclamación de Guillerme de Orange como rei de Inglaterra baixo o control do Parlamento.

English civil war



W. De Orange

CONTEXTO HISTÓRICO



Iniciase un período de estabilidade política que continuará ao longo do século XVIII e favorecerá o desenvolvimento económico e social do país.



CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL



Crece a clase burguesa e os seus dereitos son recoñecidos no Parlamento, deste modo o liberalismo político posibilita e promove o comercio e a economía capitalista e o desencadeamento da Revolución industrial en Inglaterra no século XVIII.


CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL

As primeiras máquinas de vapor empezaron a construírse a comezos do século XVIII, época de importantes desenvolvemento científico e técnico. A súa vez, os pensadores analizan a orixe e validez do coñecemento humano.



Máquina de vapor para bombear auga do río.

CONTEXTO AUTOR



John Locke

Nace no ano 1632, en Wrington, Somersetshire, nas cercanías de Bristol.



*Wrington,
Somersetshire.*



Actividade económica no porto de Bristol, século XVII

CONTEXTO AUTOR



John Locke



Começa os seus estudos universitários de Humanidades no Christ College de Oxford onde foi nomeado lector de grego e retórica. Oxford pasará a ser a sua residência habitual ata o ano 1667.

CONTEXTO AUTOR




John Locke



Máis interesado na filosofía moderna e nas ciencias, le a Descartes e a Robert Boyle, estuda medicina. Ingresa no servizo diplomático e no ano 1667 múdase a Londres a casa de Lord Ashsley, onde traballa como médico persoal do futuro conde de Shaftesbury.

CONTEXTO AUTOR



No 1668 forma parte da Royal Society de Londres. Trasládase a París como secretario do conde de Northumberland, alí entra en contacto cos cartesianos e gassendianos.

CONTEXTO AUTOR



No 1672 foi designado Secretário de Apresentação dos Benefícios, tras o nomeamento de Lord Ashley como gran canceller de Inglaterra.

*Maurice Ashley Cooper, Antony
Ashley Cooper, 3^o Earl of
Shaftesbury; John Closterman*



*The Right Honorable Anthony Ashley
Cooper, 3rd Earl of Shaftesbury, Baron Ashley*

CONTEXTO AUTOR



O escenario político inglés é totalmente hostil e Shafestbury e Locke saen do país rumbo a Holanda onde teñen que ocultarse. (1682).

*Sen embargo, aproveita o seu exilio para escribir e ordenar as súas ideas: publícase un estrato do *Ensaio sobre o entendemento humano* en francés..*

CONTEXTO AUTOR



1689 Locke colabora dende o exilio coa revolución que leva ao poder a Guillerme III de Orange. Regresa a Inglaterra onde é nomeado Comisario Real de Comercio e Colonias

*Publica en inglés a obra,
Cartas sobre a tolerancia*




CONTEXTO AUTOR



1690. Publicación do *Ensaio sobre o entendemento humano* e de *Dous tratados sobre o goberno civil*, as súas dúas grandes obras.

CONTEXTO AUTOR

Locke's Residence at Otes, near Harlow.



John Locke



No 1700 deixa os seus cargos por motivos de saúde e queda praticamente recluso em Otes, onde fina o 28 de outubro do 1704.

Texto 1:

§ 6 Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guíase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran consultala, que, sendo todos iguais e independentes, ningún debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun Señor soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creados con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se fomos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós. Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o seu posto por libre decisión, pola sinxela razón de que, cando a súa propia preservación non está en xogo, deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade, e nunca, excepto para facer xustiza a un ofensor, roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens. J. LOCKE; *Ensaio sobre o goberno civil*, Cap. II (Sobre o estado de Natureza),

Texto 2:

§ 89. Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, así e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon aos homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república (commonwealth), establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república (commonwealth), o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houberse un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza. J. LOCKE, *Dous tratados sobre o Goberno* (1680-90) LII, Capítulo VII.

Texto 3:

*§ 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio. J.LOCKE, *Dous tratados sobre o Goberno* (1680-90) LII, Capítulo VII.*



Gainsborough, *St. James Park*, 1783

